

**ESTATUTOS DA "ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE
ABASTOS DE LALÍN"**

TÍTULO I

DISPOSICIONS XERAIS

Denominación, ámbito territorial e profesional, duración, domicilio e fins.

ARTIGO 1º

A "ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN" se rexirá polos presentes estatutos, pola Ley Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, reguladora do dereito de Asociación.

ARTIGO 2º

A "ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN" integra ós comerciantes autónomos e profesionais que soliciten a súa afiliación e que desenrolen as súas actividades dentro da praza de abastos de Lalín, así como nos establecementos comerciais situados na cara exterior da mesma.

ARTIGO 3º

A asociación se constitúe por tempo indefinido.

ARTIGO 4º

A Asociación gozará de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar necesaria para o cumprimento dos seus fins e se rexirá segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.


ARTIGO 5º

A Asociación ten ámbito territorial local e fixa o seu domicilio en PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN S/N C.P.36500 LALÍN provincia de PONTEVEDRA. A Xunta Directiva non ten competencia, nin pode acordar, en calquer momento, o cambio a outro lugar, así como establecer as delegacións e representacións que considere máis convenientes. Isto só e competencia da Asamblea Xeral.


ARTIGO 6º

Constitúen os fins da Asociación:

- a) Velar polo prestixio moral, social e económico dos profesionais comerciantes.



- b) Fomentar e estreitar os lazos de unión e compañerismo entre os mesmos.
- c) Xestionar cantas disposicións legais conveñan para o desenvolvemento e eficacia empresarial.
- d) Promove-la formación e readaptación profesional entre os seus membros.
- e) A protección social, xurídica e económica dos seus asociados, en materia de intereses colectivos.
- f) Conseguir-la presenza da Asociación nos foros de decisión que afecten ó noso colectivo na comunidade autónoma galega.
- g) Establecer e fomentar relacións con entidades análogas tanto locais, provinciais, nacionais como estranxeiras que existen ou poidan constituírse no futuro, podendo adherirse a elas.
- h) Facilitar ós seus asociados, dentro das posibilidades da entidade, os medios que se consideren necesarios para a consecución dos fins enunciados.
- i) Alentar entre os seus membros o cumprimento de normas de ética no exercicio profesional.
- j) Manter relacións cós organismos públicos e privados, asesorando e colaborando con eles en canto redunde en beneficio da economía da praza de abastos e no sector do comercio.
- k) Favorecer mediante as accións que realice a Asociación a igualdade entre a muller e o home comerciante, ponendo especial atención no referente á conciliación da vida familiar e profesional:
- Fomenta-lo entendemento e a solidariedade entre os asociados, promocionando e creando servizos comúns de natureza asistencial e profesional.
 - Programa-las accións necesarias para conseguir melloras sociais e económicas dos asociados.
 - Favorecer a consolidación da rede de mulleres empresariais, apoiando a iniciativa empresarial e profesional da muller.
- l) Promover, favorecer e desenrolar, mediante as accións, actividades e campañas que realice a Asociación, a calidade e avaliación ambiental, conservación da natureza, desenvolvemento sostible, ou calqueira outra medida que favoreza o medio ambiente e o desenvolvemento sostible.
- m) Apostar pola valorización da Praza de Abastos para mellorar a coordinación das actuacións da administración, incidindo tanto na dotación de novos servizos destinados a incrementar a calidade de vida dos comerciantes, como no incentivo de programas de relevo xeracional, no fortalecemento da base productiva, no incremento da base territorial das explotacións ou mesmo no fomento da formación, investigación e innovación tecnolóxica.
- n) Representar ós asociados perante ós organismos Estatais Autonómicos e Paraestatais a tódolos niveis, establecendo a necesaria coordinación coas entidades que teñen por finalidade a defensa dos comerciantes da Praza de Abastos.
- o) Colaborar coa administración na loita contra a intromisión, a competencia ilícita e desleal.
- p) Calqueira outro fin ou obxectivo propio dunha asociación de comerciantes de Praza de Abastos ou que poidan acordar libremente os órganos de goberno e representativos da asociación dentro do ámbito das súas competencias.
- q) Potenciar o sector comercial do mercado, fomentando as actuacións conxuntas e operando como interlocutores válidos con outras asociacións e a



administración có obxecto de incrementar a competitividade e posición de futuro do mercado.

r) Representar os intereses do mercado e dos comerciantes.

s) Representar á totalidade dos comerciantes do mercado municipal, prestando servizos atendendo ás peculiaridades de ditos comerciantes, como conxunto.

t) A constante dinamización comercial da praza de abastos, mantendo sempre ese concepto de grupo homoxéneo de cara ó consumidor.

ARTIGO 7º

Para acadar os fins establecidos no anterior artigo, a Asociación poderá levar a cabo as seguintes actividades:

a) Organizar unha constante labor formativa mediante cursos, congresos e outras accións.

b) Difundir coñecementos e informacións mediante boletines, cartas, revistas ou similares destinados á difusión desta Asociación.

c) Establecer servizos propios de interese común para os seus membros.

d) Procura-la máxima participación dos nosos asociados/as nas actividades que se leven a cabo.

e) Sensibilizar ós comerciantes sobre a Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres.

f) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para conseguir unha adecuada formación e puesta ó día do colectivo de mulleres e homes comerciantes.

g) Promove-lo intercambio de experiencias e a consecución de liñas de actuación conxunta.

h) Promove-la realización de actividades dentro do ámbito turístico-cultural.

i) Promover e levar a cabo aquelas actividades e accións que se poidan encadrar dentro do ámbito dos Servizos Sociais.

TÍTULO II

DOS MEMBROS DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 8º

Poderán afiliarse á Asociación os comerciantes autónomos e profesionais que desenrolen a súa actividade no ámbito territorial de ésta e que reúnan as condicións profesionais a que se refire o artigo 2º, coa única condición de observar os presentes Estatutos.



ARTIGO 9º

O ingreso na Asociación será voluntario e, en calquer momento, poderán os membros deixar de pertencer á mesma, notificándoo por escrito á Xunta Directiva cunha antelación de dez días á data da baixa. As altas e baixas se farán constar nun libro ó efecto.

ARTIGO 10º

A afiliación á Asociación leva inherente o pago da cuota que se fixe pola Asamblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

ARTIGO 11º

A Xunta Directiva da Asociación poderá acordar a expulsión dalgún dos seus membros por algunha das causas seguintes:

- a) Incumprimento das obrigas establecidas nos Estatutos.
- b) Incumprimento dos acordos adoptados pola Asamblea Xeral ou pola Xunta Directiva na esfera das súas respectivas competencias.
- c) Incumprimento das obrigas económicas que para o sostemento da Asociación se establecera estatutariamente.

Contra o acordo de Expulsión, o asociado poderá recurrir ante a Asamblea Xeral.

ARTIGO 12º

Os dereitos dos asociados son:

- a) Asistir Asambleas Xerais con voz e voto.
- b) Poder ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- c) A promoción e adaptación profesional.
- d) Dispoñer dos servizos e beneficios que a Asociación poida facilitarlles.
- e) Participar nas actividades comúns e beneficiarse dos seus resultados.
- f) Recibir información acerca das actividades que se desenrolan.
- g) Ofrecer suxerencias ou iniciativas á Xunta Directiva e elevar propostas á Asamblea Xeral.
- h) Os que se deriven dos presentes estatutos e reglamentos que os desenrolen.
- i) Asistir ás reunións convocadas pola Xunta Directiva.



ARTIGO 13º

Os deberes dos asociados son:

- a) Satisfacer puntualmente as cuotas que se establezan pola Asamblea Xeral.
- b) Cumplir cós preceptos estatutarios e cós reglamentos de réxime interior que poidan ser aprobados en Asamblea Xeral.
- c) Colaborar amplamente coa Asociación, prestando a posible asistencia en pro dos intereses comunes, e a favor dos asociados que, pola súa situación, a Comisión Xestora considere oportuno.
- d) Informar diligentemente á Xunta Directiva dos asuntos que poidan ser do seu interese.

TÍTULO III

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 14º

O Goberno da Asociación estará a cargo da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.

ARTIGO 15º

A Asamblea Xeral está constituída por todos os afiliados que aboaron as cuotas establecidas reglamentariamente.

ARTIGO 16º

A Asamblea Xeral, válidamente constituída, é o órgano soberano da Asociación, e os seus acordos adoptados con arreglo a estes Estatutos son obrigatorios para todos os afiliados.

ARTÍCULO 17º

As Assembleas Xerais poderán ser ordinarias e extraordinarias.

A Asamblea Xeral Ordinaria se celebrará unha vez cada ano, e a Extraordinaria cando o soliciten un vinte por cento dos afiliados ou por acordo da Xunta Directiva.



ARTIGO 18º

As Asambleas Xerais ordinarias e extraordinarias se convocarán polo Presidente da Asociación, mediante notificación persoal e escrita a tódolos afiliados, con quince días naturais de antelación á data sinalada para a reunión.

A comunicación da convocatoria consignará o lugar, local, data e hora en que haxa de celebrarse a Asamblea e os asuntos a tratar, según a Orde do día acordado pola Xunta Directiva, sinalándose tanto a primeira como a segunda convocatoria.

A Xunta Directiva, no apartado de Rogos e Preguntas, recollerá tódalas propostas que se formulen polos afiliados mediante petición escrita, tres días antes da data da reunión, sen perxuízo da que se teña de viva voz na propia Asamblea.

Así mesmo, por razóns de urxencia, poderán debatirse cuestións plantexadas no curso da reunión, se así o decide un mínimo do 20% dos asistentes á mesma.

ARTIGO 19º

A Asamblea Xeral quedará válidamente constituída, en primeira convocatoria, cando se atopen representados a metade máis un dos membros, e, en segunda, calqueira que fose o número de asistentes.

ARTIGO 20º

A presidencia de tódalas Asambleas Xerais corresponde ó Presidente da Asociación e, en ausencia deste, ó Vicepresidente.

A mesa da Asamblea quedará integrada polo Presidente da Asociación e tres vocais, designados pola Xunta Directiva en turno rotativo, e actuará como Secretario o da propia Xunta Directiva.

Os acordos que adopte a Asamblea Xeral, o serán por votación da maioría simple, salvo naqueles casos en que estes Estatutos esixan maioría cualificada.

A modalidade das votacións quedará a criterio da propia Asamblea.

Cada afiliado, ó corrente no pago das súas cuotas, ten dereito a un voto.

ARTIGO 21º

Son funcións e competencias da Asamblea Xeral:

- Adoptar acordos relativos á representación, xestión e defensa dos intereses da Asociación e dos seus afiliados.
- Aprobar os programas e plans de actuación.
- Elixir e revocar o mandato ós membros da Xunta Directiva e ó Presidente da Asociación, así como fixar a duración do mesmo.
- Cofecer a xestión da Xunta Directiva.
- Fixar as cuotas que teñen que satisfacer os afiliados, de conformidade coas propostas que elabora a Xunta directiva.
- Aprobar os presupostos e liquidacións de contas.
- Aprobar ou reformar os estatutos.



- h) Acorda-la disolución da Asociación.
i) Coñecer e resolver as reclamacións e recursos formulados polos asociados.

ARTIGO 22º

Das reunións da Asamblea Xeral se levantará acta, extendéndose nun libro ó efecto, firmados polo Presidente e o Secretario.

ARTIGO 23º

A Xunta Directiva é o órgano encargado da dirección, goberno e administración da Asociación. Estará integrada por un máximo de 20 e un mínimo de 5 afiliados, elixidos pola Asamblea Xeral, en votación libre e secreta. A duración do mandato será de 4 anos. Rematado este período se procederá a eleixir de novo os cargos a través de Asamblea Xeral, tendo en conta o exposto nos presentes estatutos.

De entre os membros da Xunta Directiva procederase á elección dos cargos seguintes:

-Presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a, e Vocais.

ARTIGO 24º

A Xunta Directiva se reunirá, en sesión ordinaria, ó menos unha vez ó trimestre. Tamén se reunirá, en sesión extraordinaria, nos casos en que o solicite a terceira parte dos seus componentes ou o decida o presidente pola súa propia iniciativa. O presidente da Xunta Directiva, que será o da Asociación, convocará ós seus membros, sempre que sexa posible, con oito días naturais de antelación á data fixada para a reunión, con remisión da Orde do día comprensivo dos asuntos a tratar. Por razóns de urxencia se poderán tratar asuntos non contidos no mesmo.

ARTIGO 25º

A Xunta Directiva se considerará válidamente constituída cando concurran á reunión a metade máis un dos seus membros e estén presentes o Presidente e o Secretario ou quen os substitúan.


Para a adopción de acordos, se requirirá o voto favorable da metade máis un dos membros da Xunta Directiva asistentes.

As discusións e acordos das sesións, tanto ordinarias como extraordinarias da Xunta Directiva, se farán constar en actas que, asinadas polo Presidente e o Secretario, se levarán ó correspondente libro de actas.

ARTIGO 26º

A Xunta Directiva terá as seguintes facultades e funcións:

- a) A execución e cumprimento dos acordos da Asamblea Xeral.
b) Realizar e dirixir as actividades da Asociación, necesarias para o exercicio e desenvolvemento dos seus fines.



- c) Propoñer á Asamblea Xeral os programas de actuación xeral e específicos, e realizar os xa aprobados, dando conta do seu cumprimento á Asamblea Xeral.
- d) Elixir entre os seus compoñentes ó Secretario, Tesoreiro, e Vocais da Asociación.
- e) Presentar á Asamblea Xeral os presupostos, balances, liquidacións de contas e propostas de cuotas para a súa aprobación.
- f) Elaborar a Memoria anual de actividades, someténdoa para a súa aprobación á Asamblea Xeral.
- g) Decidir en materia de cobros e ordenación de pagos e expedición de libramentos.
- h) Inspeccionar a contabilidade, así como a mecánica de cobros e pagos.
- i) Inspeccionar e velar polo normal funcionamento dos servizos.
- j) Adoptar acordos referentes á contratación de bens e servizos, exercicio de accións e outorgamento de poderes.
- k) Realizar informes e estudos de interese para os afiliados.
- l) En casos de extrema urxencia, adoptar decisións sobre asuntos cuxa competencia corresponda á Asamblea Xeral, dando conta de elo na primeira sesión que ésta celebre.

ARTIGO 27º

O presidente da Asociación será elixido en votación libre e secreta e poderá ser revocado no seu mandato pola Asamblea Xeral, e presidirá ésta e a Xunta Directiva por un prazo de 4 anos.

ARTIGO 28º

Son funcións e atribucións do Presidente:

- a) Presidir a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.
- b) Dirixir os debates e o orde das reunións.
- c) Representar á Asociación, ante toda clase de entidades públicas e privadas.
- d) Rendir anualmente informe da súa actuación á Asamblea Xeral.
- e) Propoñer á Xunta Directiva o nomeamento de cargos técnicos que sexan necesarios para as actividades da Asociación.
- f) Poderá, a través de sinatura mancomunada có membro que decida a Xunta Directiva:

Dispoñer das contas sociais, abrir contas e depósitos en entidades financeiras e concertar con ditas entidades contratos de servizos financeiros e non financeiros, e expedir libramentos de pago en cumprimento das obrigas adquiridas pola Asociación. previo acordo da Xunta Directiva.

ARTIGO 29º

O Secretario da Asociación levantará acta das reunións que celebren os órganos da mesma e terá ó seu cargo a dirección do personal e dos servizos.



Terá así mesmo ó seu cargo un libro rexistro de asociados do cal será responsable e que poderá ser consultado a solicitude dos socios.

TÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 30º

Os recursos financeiros e patrimoniais da Asociación estarán integrados por:

1. As cuotas dos membros da Asociación.
2. As donacións e legados a favor da mesma.
3. Os ingresos que obteña a Asociación en actividades lícitas que acorde a Asamblea Xeral, sempre dentro dos fins estatutarios.
4. As vendas dos seus bens e valores.
5. Calesqueira outros recursos obtidos de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios.

Por cada exercicio económico se formará o presuposto ordinario de ingresos e gastos, con suxeción ás normas contidas nos presentes Estatutos.

A asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón dun patrimonio de 0 euros. O peche do exercicio económico coincidirá có do ano natural.

ARTIGO 31º

A Xunta Directiva determinará as normas para a administración e a contabilidade, sendo ordenador de pagos o Presidente da Asociación.

O tesoreiro coidará da conservación de tódolos fondos na forma que determine a Xunta Directiva, e firmará tódolos documentos de cobros e pagos.

A Asamblea Xeral arbitrará as medidas necesarias para que os asociados poidan coñecer a situación económica da Asociación.

TÍTULO V

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN



ARTÍGO 32º

A Asociación se disolverá cando o acorde a Asamblea Xeral có voto favorable dos dous tercios de los afiliados.

No acordo de disolución se establecerá o destino que se lles dé ós bens, dereitos, instalacións e servizos da Asociación que poideran quedar despois de atendidas as obrigacións pendentes.

ARTÍGO 33º

De non acordarse outra cosa pola Asamblea Xeral, actuarán de liquidadores os membros da Xunta Directiva.

TÍTULO VI

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

ARTÍGO 34º

Os presentes Estatutos poderán ser modificados en virtude de acordo da Asamblea Xeral, có voto favorable dos 2/3 dos afiliados.

O proxecto de modificación deberá ser proposto, ó menos, por unha terceira parte dos asociados ou pola Xunta Directiva, e será remitido a tódolos membros da Asociación cunha antelación mínima de 20 días.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo canto non esté previsto nestes estatutos, se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación e disposicións complementarias.



DILIXENCIA


VANESSA VIDUEIROS SOUTO como Secretaria da "ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN" fai constar que estes estatutos foron aprobados con data 27 de Xullo do ano 2012.

Sinatura Secretaria



Sinatura de tódolos promotores ou fundadores:

MIGUÉL RODRÍGUEZ TABOADA




MARCOS GUTIERREZ FAILDE



ÓLGA FERREIROA DE LA TORRE



LUIS OTERO IGLESIAS



ÁNGELA FEÁNS FUENTES



VANESSA VIDUEIROS SOUTO



XAN CARLOS SAR OLIVEIRA



MARÍA ISABEL CACHEDA CAMINO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DELEGACIÓN PROV. DE PONTEVEDRA

A asociación de profesionais da praza
de abastos de Lugo
foi inscrita no Rexistro Provincial co n.º 16.942
por resolución do de 2012
Pontevedra, 10 de outubro de 2012



Asdo. Pilar Montero Rodríguez



UNITED STATES DEPARTMENT OF AGRICULTURE

OFFICE OF THE SECRETARY OF AGRICULTURE

WASHINGTON, D. C.

DEPARTMENT OF AGRICULTURE

WASHINGTON, D. C.